

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 10 DE MAIO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de composición e funcionamento do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 19 de setembro de 2007, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de *stents* coronarios para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. (MI-SER1-12-014), por un importe de sete millóns setecentos noventa e catro mil cento corenta e catro euros (7.794.144,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o mantemento da federación e dun programa de atención a persoas con discapacidade en áreas urbanas de Galicia, cun importe total de trescentos corenta e un mil douscentos euros (341.200,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a Axencia Tributaria de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actividade Bibliosaúde.
- Informe sobre o procedemento de actuación no ámbito sanitario con mulleres que desexan dar ao seu fillo en adopción.
- Informe sobre a adxudicación dos contratos de Reprogramación funcional, Plan Director H2050 e redacción do proxecto básico e de execución da fase I do Plan Director do Complexo Hospitalario de Ourense no marco dos proxectos Innova Saúde e Hospital 2050.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe executivo do estudo sobre discapacidade e xénero: aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre o plan de aforro e eficiencia enerxética nos portos de titularidade autonómica.

A XUNTA TRABALLA NO APROVEITAMENTO DOS LODOS DE DEPURACIÓN COMO FERTILIZANTES ORGÁNICOS

- ***O Consello aprobou hoxe un Decreto que actualiza a normativa sobre a materia e que mellorará os mecanismos de control existentes desta actividade e do seu uso de xeito sustentable***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar que regula a actividade de valorización de lodos de depuradora mediante a súa aplicación en solos agrarios, co fin de proxectar o agro galego como un medio limpo, sustentable e produtor de alimentos saudables.

Esta norma pretende aproveitar e mellorar os mecanismos de control xa existentes e crear un marco de regulación da actividade de valorización agrícola dos lodos no noso territorio e do seu uso sustentable e compatible co ambiente, servindo como instrumento para a protección da saúde pública dos cidadáns e dunha mínima confortabilidade destes nos seus lugares de residencia, traballo e lecer.

Contexto

En Galicia, cun número crecente de estacións depuradoras de augas residuais, temos consecuentemente un volume de lodos en progresivo aumento. A estes lodos hai que engadir outros residuos orgánicos, de produción tamén en aumento, xerados pola abundante agroindustria e de transformación pesqueira con que contamos na nosa comunidade autónoma.

A natureza orgánica de todos estes residuos, con contidos significativos de dous nutrientes básicos para os cultivos (nitróxeno e fósforo), fai que o seu uso en aplicación agrícola deba ser considerado como un bo destino para eles. Non obstante, a súa aplicación agrícola debe estar presidida pola racionalidade, rexeitando para este uso os lodos que supoñan un risco pola súa orixe.

Esta racionalidade debe estar presente tamén na aplicación de material dos lodos, xa que aínda que pola súa orixe sexan inocuos, estes deberán ser aplicados nas doses que poida ser aproveitada polos cultivos.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA O SEU COMPROMISO CO PATRIMONIO CULTURAL AO ADECUAR AS FUNCIÓNS DO CONSELLO SUPERIOR DE VALORACIÓN DE BENS CULTURAIS DE INTERESE ÁS NECESIDADES ACTUAIS

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de Decreto polo que se aproba o regulamento de composición e funcionamento do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia. Trátase dunha nova manifestación do compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa conservación do patrimonio galego.

O novo decreto redundará nun mellor funcionamento deste órgano asesor asesor de natureza colexiada, o que suporá unha mellor xestión dos asuntos relacionados co patrimonio cultural no que atinxa á súa valoración económica de cara á súa incorporación aos sistema de museos, bibliotecas, arquivos ou calquera ente dependente da Xunta de Galicia.

Composición

Neste sentido, a reformulación prevé aspectos como a renovación gradual dos seus membros, ou especificar as condicións en que as solicitudes de valoración deben ser achegadas. Así mesmo, busca clarificar os cometidos deste órgano, co fin de mellorar a súa actividade.

O Consello estará formado polo presidente - a persoa titular da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, vicepresidente - a persoa titular da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural- e dez vogais.

Destes últimos, seis serán nomeados por proposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, elixidas entre facultativos de grao superior ou medio de museos, arquivos e bibliotecas, membros das academias galegas, e investigadores, expertos ou docentes en materias relacionadas coa historia, historia de arte, arquitectura, etnoloxía, arqueoloxía ou restauración, sendo un en arte contemporánea. Outros dous nomearanse por proposta da persoa titular da consellería con competencia en materia de facenda entre titulares dunha subdirección ou xefatura de servizo, unha con funcións en materia de tributos e outra con funcións en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma. Ademais, entre os vogais haberá un representante do Consello da Cultura Galega e outro do Sistema Universitario Público galego, cunha rotación entre as tres universidades cada tres anos.

Os vogais serán nomeados por un período de catro anos, salvo os representantes do Consello da Cultura Galega e do sistema universitario público galego, que serán nomeados por un período de tres anos. Transcorridos estes prazos, os nomeamentos dos vogais poderán renovarse por un período igual ao do mandato inicial, e todos eles poderán volver a ser nomeados transcorridos seis anos dende o seu cesamento.

Funcións

O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese emitirá informes sobre a valoración económica de bens culturais mobles que se pretendan adquirir con destino a arquivos e museos sobre os que teña competencias a Xunta de Galicia; a de bens culturais integrantes do patrimonio bibliográfico de Galicia ou obras de especial interese ou rareza que se pretendan adquirir con destino a bibliotecas sobre as que teña competencias o Goberno galego; así como sobre a de bens culturais que se oferten á Xunta de Galicia como pagamento de débeda tributaria.

Ademais, fará valoración económica de bens culturais mobles que se oferten en depósito ou comodato con destino a bibliotecas, arquivos e museos sobre os cales teña competencias a Xunta e sobre os que se pretendan adquirir ou que se oferten en depósito ou comodato, con destino á Administración xeral da Comunidade Autónoma ou ás distintas entidades instrumentais do sector público autonómico. Así mesmo, valorará os bens mobles obxecto dos achados casuais, para os efectos da concesión do premio en metálico que determina a normativa autonómica de patrimonio cultural.

Por outra banda, emitirá informe no caso de exercicio dos dereitos de adquisición preferente do tanteo e retracto, que lle correspondan á Xunta de Galicia, agás no caso de poxas públicas de bens mobles con destino a bibliotecas, arquivos e museos nos que teña competencias a Xunta de Galicia.

A modificación realízase de acordo coa experiencia acadada nos anos de funcionamento da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, e que aconsella modificar as súas funcións e a súa composición. Doutra banda, o cambio da denominación de comisión pola de consello que adopta esta norma vén determinado polo establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA CONTINUÁN A COLABORACIÓN NA PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS DE FP DE RADIOTERAPIA

- ***O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio polo cal a fundación pon á disposición dos estudantes as súas instalacións e profesorado***
- ***Deste xeito o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad pon á disposición do alumnado galego uns estudos que non poderían cursar no sistema educativo público, ao non existir instalacións oportunas***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro continuarán o vindeiro curso a colaborar na impartición das ensinanzas de ciclo de grao superior de FP en radioterapia, a través da sinatura dunha addenda ao convenio de cooperación, á cal deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta.

Ao abeiro deste convenio, as alumnas e alumnos que estean a cursar este ciclo no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) desenvolverán os módulos de *Fundamentos e técnica de tratamentos de teleterapia*, e *Fundamentos e técnica de braquiterapia* nas instalacións especiais da Fundación, das cales non dispón o centro dependente da Consellería de Educación. Así mesmo, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia achegará o profesorado especialista necesario para a impartición destas ensinanzas.

Ampla oferta formativa

Coa sinatura da addenda a este convenio para o vindeiro ano académico, dáse continuidade a unha colaboración iniciada no curso 2007/2008, co obxectivo de dar cumprimento ao principio constitucional que garante o dereito de todas e todos á educación. Así, ponse á disposición do alumnado galego uns estudos que, doutra forma, non poderían cursar no sistema educativo público, ao non existir instalacións oportunas para impartir en centros educativos públicos os devanditos módulos do ciclo formativo de grao superior de radioterapia.

Trátase pois dunha aposta da Consellería por poñer á disposición da cidadanía galega unha ampla oferta formativa no ensino público, unha cuestión de fundamental importancia dadas as exigencias actuais de formación do mercado laboral. Ademais, a Xunta leva a cabo un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles, polo que se require a integración de esforzos e mutua colaboración entre a Administración educativa e os organismos e institucións dispostos a prestar a súa colaboración nas ensinanzas de FP.

CULTURA E EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA DAN CONTINUIDADE ÁS SÚA COLABORACIÓN NA IMPARTICIÓ DE ENSINANZAS DE FP DA FAMILIA PROFESIONAL DA MADEIRA E MOBLE

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio entre ambas as institucións para a formación práctica no ciclo de grao medio en Fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble*
- *Deste xeito a Consellería ofrece ao alumnado a oportunidade de formarse nun marco de contacto directo coa realidade do sector madeireiro profesional galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria continuará a impulsar a formación práctica nos centros de traballo vinculada aos ciclos formativos da familia da madeira e moble. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da addenda entre a Consellería e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, para levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble, durante o curso 2012-2013.

Ao abeiro do convenio, establécese entre as partes a colaboración para desenvolver un programa de formación en centros de traballo, para alumnas e alumnos que cursen o devandito ciclo, así como a realización de accións de orientación profesional dirixidas a este alumnado. A fundación porá á disposición do alumnado e profesorado as instalacións ou talleres especiais dos que non dispón o IES Antón Losada Diéguez para a impartición das ensinanzas de FP.

Con esta renovación, Cultura e Educación pon de manifesto o seu compromiso coa formación práctica do alumnado de FP, co obxectivo de procurarlle unhas maiores oportunidades de inserción laboral. De feito a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada preséntase como o marco idóneo no cal desenvolver as ensinanzas da familia profesional de madeira e moble, pola oportunidade que supón para que os estudantes entren en contacto coa realidade do sector, e poder adquirir as competencias que está a demandar o tecido produtivo galego no relativo á madeira e moble.

Formación para alumnos, profesores e traballadores

O convenio posibilita tamén a colaboración de expertos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada na impartición das ensinanzas destes ciclos; e recolle a orientación e actualización dos coñecementos do profesorado destes ciclos dependente da Consellería nas instalacións das entidades que conforman a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada; así como a formación e actualización dos traballadores das devanditas entidades.

Así mesmo, e por proposta dalgunha das partes implicadas, poderanse organizar cursos, seminarios, ou estudos sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese para as institucións asinantes. Nese suposto, a Fundación colaborará mediante o apoio técnico e loxístico, tanto no programa de formación do profesorado como nas estadias deste en empresas por tempo definido.

O SERGAS AFORRARÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS COA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE STENTS CORONARIOS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de *stents* coronarios para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Os *stents* son próteses endovasculares que se implantan por vía percutánea no interior das arterias coronarias coa finalidade de erradicar ou paliar os problemas de isquemia cardíaca derivados da súa obstrución. Son próteses utilizadas en todas as unidades de hemodinámica de Galicia.

O valor estimado do contrato é de 15.876.960 euros para un período de dous anos. Esta contratación centralizada permitirá acadar un aforro mínimo anual de 1.140.796 euros, o que equivale a unha redución dun 13% con respecto ao gasto do ano 2010.

Para a súa contratación óptase pola tramitación dun expediente de compra agregada mediante un contrato marco cun único provedor por lote co obxecto de simplificar os trámites administrativos, mellorar a xestión e reducir a variabilidade no prezo e na tipoloxía dos produtos que se empregan en cada centro.

BENESTAR DESTINA MÁIS DE 340.000 EUROS A FINANCIAR ACTIVIDADES NAS SETE GRANDES CIDADES DE APOIO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e COGAMI para o mantemento da federación e para a promoción de actividades dirixidas a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia***
- ***Trátase dun programa de información e asesoramento xunto cunha intervención social, a través das oficinas que COGAMI ten nas sete grandes cidades de Galicia***
- ***Ao abeiro destas actuacións, en 2011 beneficiouse a máis de 3.300 persoas, unha cifra que se prevé manter este ano***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración por un importe de 341.200 euros entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o mantemento da federación e a promoción de actividades dirixidas a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia. Ao abeiro destas actuacións, en 2011 beneficiouse a máis de 3.300 persoas, unha cifra que se prevé manter este ano.

En concreto, trátase dun programa de información e asesoramento xunto cunha intervención social, que se presta a través das oficinas que COGAMI ten nas sete grandes cidades de Galicia. Ten o fin de prestar servizos de apoio, asesoramento e intervención social ás persoas dependentes con discapacidade e ás súas familias desde una perspectiva global, integral e normalizadora, para mellorar a súa autonomía persoal, as súas condicións de vida e favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade galega.

Para a realización do programa, os máis de 340.000 euros que achegará o departamento autonómico destinaranse a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para a realización das actividades. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro deste ano.

Os obxectivos da iniciativa pasan por informar as persoas dependentes e as familias sobre os recursos existentes ou potenciais na Comunidade, consolidar unha rede de información e asesoramento estable e que utilice as novas tecnoloxías, dar información e asesoramento especializado, ou promover actitudes sociais positivas cara á discapacidade.

Así mesmo, preténdese dar a coñecer a discapacidade desde a perspectiva da información, a prevención e a sensibilización; orientar e intervir para a superación de dificultades persoais e familiares; establecer un sistema de coordinación cos servizos sociais e colaborar con programa do respiro familiar.

Para isto desenvolveranse tres actuacións: información e asesoramento tanto aos afectados como a outras entidades; o programa de intervención social (con tres niveis de intervención: traballo coa persoa con discapacidade, coas familias e coa comunidade); e o programa de respiro familiar, que ten como finalidade estimular a realización de actividades lúdicas e deportivas

Ao tratarse de actividades de información e asesoramento, así como de intervención social personalizada, son complementarias aos servizos e recursos de carácter público financiados pola Administración e orientados á atención diúrna e residencial das persoas con discapacidade, toda vez que con estas actuacións o que se persegue é promover a autonomía e desenvolvemento persoal das persoas con discapacidade de cara a favorecer a súa inclusión social e laboral, a través dunha intervención personalizada.

Este convenio enmárcase nas accións de apoio que a Consellería mantén, a través de convenios de colaboración, coas distintas federacións existentes no ámbito da discapacidade, pola importante labor que estas desenvolven na organización e no desenvolvemento de actuacións de carácter horizontal que reverten en beneficio das asociacións que as integran.

A POSTA EN MARCHA DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA PERMITIRÁ AFORRAR 15 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- ***O Goberno galego inicia os trámites para constituír o novo organismo que permitirá mellorar a eficacia e a prevención e loita contra a fraude fiscal***
- ***A reordenación e centralización de competencias permitirá modernizar a Administración tributaria autonómica sen afectar a prestación de servizos***
- ***Cando conclúa o proceso Galicia aglutinará nun único organismo todas as funcións tributarias***
- ***Esta reordenación e mellora de eficiencia permitirá recadar un 20% máis***
- ***A Axencia aumentará a calidade e cantidade da asistencia aos contribuíntes coa potenciación das novas tecnoloxía e coa especialización***
- ***Terá un plan de obxectivos, que poderá ser avaliado a través de indicadores***

O Goberno galego inicia os trámites para a creación da Axencia Tributaria de Galicia que permitirá un aforro de 15 millóns de euros nos vindeiros catro anos, nun proceso de reordenación e centralización de competencias que permitirá modernizar a Administración tributaria autonómica sen afectar a prestación dos servizos aos contribuíntes.

Este proceso será progresivo e por fases e, á súa conclusión, o novo organismo aglutinará todas as funcións tributarias, a liquidación, a xestión, a inspección e a recadación. O cambio na filosofía de actuación prevé dúas liñas principais de actuación, a información e asistencia ao contribuínte, así como o control do cumprimento tributario.

Así se recolle nun informe da Consellería de Facenda presentado hoxe pola titular deste departamento, Elena Muñoz Fonteriz, ao Consello da Xunta sobre o decreto para a constitución deste organismo, que se aprobará antes do verán e que permitirá mellorar a eficacia e a loita contra a fraude fiscal. Ademais, esta reordenación e mellora da eficiencia posibilitará aumentar un 20% a recadación.

Ademais, outros obxectivos da nova Axencia, que se prevé que estea funcionando a principios do vindeiro ano, son mellorar a calidade e a cantidade dos servizos ofertados aos contribuíntes, potenciar as novas tecnoloxías para reducir ao mínimo a burocracia e contar con persoal especializado. Galicia será a sexta autonomía en contar cun organismo propio destas características.

Desta maneira, afondará nas liñas de actuación xa iniciadas pola Consellería de Facenda e, grazas ás posibilidades que ofrecen os avances tecnolóxicos, fortalecerá o control do cumprimento tributario fomentando tanto a prevención como a loita contra a fraude tributaria.

Para iso, non só buscará detectar o incumprimento, senón que levará a cabo actuacións tendentes a inducir o pagamento voluntario facéndoo doado e económico, ademais de aumentar a percepción de risco en caso de incumprimento. De forma paralela, promoverá accións de concienciación e sensibilización, prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte e calquera outra, que, de modo directo ou indirecto, vaian encamiñados a fomentar o cumprimento voluntario das obrigas fiscais por parte dos cidadáns.

No eido das novas tecnoloxías, a intención é potencialas para reducir ao mínimo a burocracia e permitir un aforro de tempo e custos ao cidadán. Desta maneira, promoverase a simplificación de procedementos na presentacións de documentación e nos pagamentos; ademais de facilitar a información e asistencia necesarias para acadalo.

O Executivo galego xa conta cun portelo único telemático que permite conectar o contribuínte cos diferentes rexistros (da Propiedade, do Mercantil...) e cumprir a totalidade dos trámites que ten que realizar, desde o outorgamento do documento notarial ata a inscrición do acto ou negocio xurídicos, logo do pagamento e presentación do correspondente imposto.

Un dos obxectivos prioritarios da Axencia Tributaria será mellorar o servizo e asistencia ao Contribuínte para facilitar ao máximo o cumprimento das obrigas tributarias e así reducir o custo fiscal indirecto. Nesta liña, hai que considerar tamén o futuro contribuínte, ante o cal son fundamentais as accións de educación cívico-fiscal.

Créase un Área de Información e Asistencia

Para acadar unha axeitada visibilidade das funcións de asistencia ao cidadán procederase á súa separación das funcións de xestión tributaria, nas cales está actualmente incluída, o que a súa vez permitirá mellorar a eficiencia e eficacia nas actuacións de control extensivo. Para iso, créase un Área de Información e Asistencia, na esfera central, e departamentos de Información e Asistencia nas delegacións territoriais.

Por outro lado, prevé a creación dun servizo de atención telefónico e de postos de atención continuada (PAC), que funcionarían mediante cita previa co obxecto de facilitar os desprazamentos dos contribuíntes minorando os posibles tempos de espera.

En canto á especialización, a distribución do persoal por áreas funcionais que ofrece a creación da Axencia virá acompañada dunha maior especialización do persoal, potenciando as escalas superior e técnica de finanzas.

Finalmente, o novo organismo contará cun plan de obxectivos, composto por unha serie de indicadores, que supoñen o reflexo das estratexias globais da organización e que

permiten aos diferentes responsables examinar con axilidade e seguridade o nivel de cumprimento.

BIBLIOSAÚDE PERMITIU AOS PROFESIONAIS SANITARIOS DESCARGAR MÁIS DE 460.000 ARTIGOS CIENTÍFICOS EN 2011

- *A biblioteca virtual do sistema sanitario público de Galicia posibilita acceder á información nun tempo menor e dispoñer de máis recursos técnicos*
- *Ofrece servizo as 24 horas do día e todos os días do ano a todos os hospitais do Sergas e a todos os centros de atención primaria*

Bibliosaúde, a biblioteca virtual do sistema sanitario público de Galicia, permite aos profesionais acceder á información científica nun tempo menor que cos métodos tradicionais e que co acceso virtual dispoñan dun número maior de recursos técnicos. Neste sentido, o pasado ano 2011 descargáronse máis de 460.000 artigos científicos e solicitáronse máis de 36.000 fóra da Comunidade Autónoma.

A iniciativa naceu como proxecto para cambiar o sistema tradicional de bibliotecas presenciais existentes nos centros hospitalarios a outro no que se estende, de xeito on liña, o acceso á información a todos os centros sanitarios. A través dela ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación, mellorando significativamente a situación nos hospitais comarcais e na Atención Primaria, xa que poden ter a mesma accesibilidade que nos centros máis grandes.

Esta centralización permite, así mesmo, unha racionalización dos recursos económicos destinados aos fondos bibliográficos do Servizo Galego de Saúde, permitindo un aforro de arredor do 40% do seu orzamento.

Iniciativa plenamente consolidada

Bibliosaúde ofrece servizo, durante as 24 horas do día, todos os días do ano, a todos os hospitais do Sergas, a todos os centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados. Na actualidade, está plenamente consolidada e ten un uso diario moi importante.

Todo o persoal do Sergas dispón de acceso á biblioteca virtual dende o seu posto de traballo ou dende o seu domicilio. Así mesmo, pódese acceder a coleccións de revistas de ciencias da saúde a texto completo, libros e bases de datos; e dispón dun servizo de petición de artigos, busca bibliográfica, catálogo de libros en liña, etc. Grazas a esta ferramenta pódese acceder a máis de 5.000 revistas electrónicas e máis de 700 libros electrónicos, entre outros recursos.

O pasado ano, Bibliosaúde realizou 138 cursos de formación aos que asistiron 1.208 persoas. Ademais dos profesionais sanitarios con praza no sistema, poden acceder a ela os médicos xubilados, interinos e en prácticas, constituíndo, desta maneira, unha axuda importante para a formación dos futuros profesionais, xa que o acceso a unha información científica rigorosa e centralizada repercute na mellora da calidade da atención sanitaria que reciben os galegos.

Actualmente, entre as novas iniciativas que está a desenvolver, a biblioteca virtual participa na Plataforma de Innovación da Consellería de Sanidade –nos eidos da xestión da produción científica da Consellería e do Sergas e do desenvolvemento e implementación do Repositorio institucional de documentos clínicos do Sergas- e está levando a cabo a implantación dun dos primeiros catálogo en liña de ciencias da saúde realizado por unha comunidade autónoma.

A XUNTA ELABORA UN PROCEDIMENTO PARA COORDINAR AS ACTUACIÓNS DOS PROFESIONAIS SANITARIOS CANDO UNHA MULLER DECIDE ENTREGAR O SEU FILLO EN ADOPCIÓN

- ***Facilitará unha xestión sistemática e homoxénea garantindo a seguridade e a calidade asistencial para o neonato e a nai***
- ***Permitirá informar á muller de todas as opcións dispoñibles, humanizando o trato, prestándolle soporte emocional e psicolóxico, se así o precisa, e velando pola confidencialidade da información***

O Servizo Galego de Saúde elaborou un procedemento corporativo para todos os seus centros sanitarios para homoxeneizar as actuacións dos profesionais cando unha muller manifesta a súa decisión de entregar o seu fillo en adopción.

O seu obxectivo é que os profesionais implicados coñezan e apliquen un mesmo procedemento de actuación, que facilite unha xestión adecuada da situación garantindo a seguridade e a calidade asistencial para o neonato e a nai.

Así mesmo, busca mellorar a atención a esta última, informándo de todas as opcións dispoñibles, humanizando o trato, prestándolle soporte emocional e psicolóxico, se así o precisa, e velando pola confidencialidade da información xerada durante a atención sociosanitaria prestada.

Para o seu desenvolvemento creouse un grupo de traballo liderado pola Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial, de carácter multidisciplinar – formado por matronas, traballadoras sociais e técnicas- para facer un diagnóstico de partida e elaborar un primeiro documento.

Colaborouse coa Consellería de Traballo e Benestar –traballando de forma conxunta con profesionais do Servizo de Defensa do Menor- e elaborouse un procedemento ao que, posteriormente, se incorporaron as achegas das xerencias do Sergas e dos centros sanitarios. O texto definitivo xa está dispoñible para todos os profesionais sanitarios na Intranet do Servizo Galego de Saúde.

Este procedemento enmárcase na Estratexia Sergas 2014 e no Plan Integral de Apoio á Muller Embarazada da Xunta de Galicia.

A XUNTA ADXUDICA POR 640.000 EUROS OS SERVIZOS PARA A REPROGRAMACIÓN FUNCIONAL, PLAN DIRECTOR H2050 E A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO DO HOSPITAL DE OURENSE E DE EXECUCIÓN DA HOSPITALIZACIÓN

- ***O investimento total no conxunto da obra é de 135 millóns de euros, dos cales ao redor de 40 irán destinados a hospitalización***

A Xunta de Galicia adxudicou os servizos para a reprogramación funcional, o Plan Director H2050, e a redacción do proxecto básico do C.H. Universitario de Ourense e de execución da hospitalización, no marco do proxecto Hospital 2050. A licitación ten un orzamento de 640.000 euros dentro do orzamento do proxecto Hospital 2050, que se executará no prazo de 4 meses.

O investimento total da obra é de 135 millóns de euros, dos cales ao redor de 40 irán destinados a hospitalización, fase 1 do proxecto.

O obxecto do contrato de servizos é a revisión da planificación estratéxica e funcional aprobada, cunha proposta razoada de reprogramación funcional; a definición do Plan Director do Complexo Hospitalario, no nivel de anteproxecto, de acordo coa reprogramación funcional e coas liñas descritas no documento base do Hospital 2050; a redacción do Proxecto básico e de execución da fase I do Plan Director, a partir do programa funcional resultante da reprogramación e do Plan Director; e o desenvolvemento dos documentos urbanísticos, ambientais e calquera outro legalmente exigible que, como consecuencia das liñas de investigación establecidas e da execución do contrato, foran necesarios.

A información sobre a licitación estará hoxe colgada no perfil do contratante da web da Consellería de Sanidade para público coñecemento.

A XUNTA ELABORA UN ANÁLISE PARA COÑECER A SITUACIÓN REAL DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE QUE INCLÚE RECOMENDACIÓNS EN 13 EIDOS

- *A iniciativa analiza un conxunto de indicadores e variables para coñecer cal é a posición deste colectivo nos ámbitos económico-laboral, social, cultural e da igualdade*
- *O 'Análise sobre discapacidade e xénero: aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia' foi presentado hoxe no Consello da Xunta*
- *Destacan o fomento do asociacionismo das mulleres con discapacidade en colectivos non directamente relacionados coa discapacidade ou a intensificación das medidas de control do cumprimento da reserva de postos de traballo destinados a estas persoas*
- *Propón tamén o deseño de medidas específicas para a detección e atención de casos de violencia de xénero en zonas rurais*

A Xunta de Galicia elaborou un análise sobre discapacidade e xénero co principal obxectivo de coñecer a situación real das mulleres con discapacidade, a través da análise dun conxunto de indicadores e variables cos cales se pode coñecer cal é a posición deste colectivo con respecto ao resto da sociedade galega nos ámbitos económico-laboral, social-cultural e no da igualdade.

O 'Análise sobre discapacidade e xénero: aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia', que realizaron a Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaria Xeral da Igualdade, foi presentado hoxe no Consello da Xunta. Contén unha serie de recomendacións distribuídas en 13 ámbitos diferentes que o Goberno galego estudará co fin de implantalas ou mellorar as que xa están en marcha.

Os 13 eidos en que se propoñen recomendacións de actuación son: a accesibilidade; asociacionismo e lecer; atención temperá; familia e, por extensión, as coidadoras; formación e emprego; igualdade de xénero e transversalidade; investigación, estatísticas e información; maternidade e sexualidade; medios de comunicación e sensibilización social; promoción da autonomía persoal; saúde e acceso aos recursos sanitarios; sistema educativo; e violencia de xénero.

Entre as propostas destacan o fomento da participación de mulleres con discapacidade en actividades deportivas, culturais e de lecer e promover o asociacionismo en colectivos non directamente relacionados coa discapacidade. Tamén resalta a intensificación das medidas de control do cumprimento da reserva de postos de traballo destinados ás persoas con discapacidade e a sensibilización do empresariado para mellorar a súa empregabilidade.

Outras recomendacións son o desenvolvemento de campañas de sensibilización dirixidas ao persoal sanitario ou o deseño de medidas específicas para a detección e atención de casos de violencia de xénero en zonas rurais.

Poboación de mulleres con discapacidade

O primeiro Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia se configura como o instrumento para garantir unha intervención eficiente, eficaz e coordinada para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias, que acentúe a súa inclusión e a plena participación na sociedade, conforme á Convención Europea sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Este plan foi elaborado co máis amplo consenso, tanto coas entidades, colectivos e profesionais, como o alcanzado cos axentes sociais nas mesas do Diálogo Social. O documento contempla un total de 305 medidas, das cales 218 se levaron a cabo só no pasado ano. Isto supón un 71,4% do total, e un incremento do 163% con respecto ás medidas realizadas en 2010.

Precisamente, unha das medidas incluídas neste plan, como obxectivo específico na área da igualdade, é o desenvolvemento do 'Estudo sobre discapacidade e xénero: aproximación á situación das mulleres con discapacidade en Galicia' co que se dá resposta a unha demanda procedente principalmente do movemento asociativo. En concreto, a idea de facer este estudo naceu no marco do grupo de traballo sobre igualdade e xénero constituído durante o proceso de elaboración do Plan de Discapacidade.

O colectivo de persoas con discapacidade en Galicia supón o 12 por cento da poboación, sendo o 61,8 por cento mulleres, segundo a enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situación de dependencia realizada en 2008 polo Instituto Nacional de Estatística co apoio do Ministerio de Sanidade e Política Social e o terceiro sector da discapacidade

Obxectivos concretos

Entre os obxectivos concretos do estudo destacan o coñecemento da situación específica das mulleres con discapacidade comparativamente cos homes para detectar a posible dobre discriminación en función do xénero e discapacidade; a análise do grao de concienciación das mulleres con discapacidade con respecto á igualdade de oportunidades; a investigación da desigualdade que afecta ás mulleres con diferentes discapacidades; o coñecemento directo e as estratexias utilizadas polas persoas con discapacidade que teñan logrado unha vida autónoma e independente; e a identificación de futuras liñas de actuación que contribúan a unha mellora da situación das mulleres con discapacidade garantindo o cumprimento dos seus dereitos. Ademais, o estudo pretende ser un instrumento de sensibilización dos axentes sociais, da poboación en xeral e da propia administración.

Para o desenvolvemento do estudo leváronse a cabo entrevistas en profundidade a profesionais que realizan a súa actividade en ámbitos que gardan relación directa ou indirecta coa discapacidade. Ademais, fixéronse entrevistas e grupos de discusión con persoas con discapacidade, incluídos menores e maiores e as súas persoas coidadoras. Así mesmo, preto de 40 entidades e organismos deste eido colaboraron co estudo.

O PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DE PORTOS DE GALICIA REDUCE UN 32,5% O CONSUMO NA ILUMINACIÓN PÚBLICA DAS ZONAS PORTUARIAS

- *As cifras do primeiro trimestre de 2012 permiten calcular un aforro de máis de 166.000 euros ao ano nos 59 portos en que foi implantado o programa inicialmente*
- *A Consellería do Medio Rural e do Mar presentou ao Consello da Xunta un informe co primeiro balance de resultados da medida implantada a principios de ano*

Portos de Galicia conseguiu reducir nunha media dun 32,5% o consumo de enerxía eléctrica na iluminación pública das dársenas galegas, coa entrada en funcionamento da primeira fase do Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética. Así se recolle no informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta pola Consellería do Medio Rural e do Mar, en que se dá conta do primeiro balance da actuación.

O Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética establece a alternancia de funcionamento das fases de luminarias durante unhas horas da madrugada, de xeito que non todos os puntos de luz estean operativos ao mesmo tempo, nin funcionen cunha potencia máxima. Deste xeito, redúcese a iluminación pública, nalgunhas zonas portuarias, como vías e explanadas, mantendo os mesmos puntos de luz nas zonas de traballo e peiraos de atraque para garantir a seguridade dos usuarios.

Os primeiros datos obtidos revelan un rendemento positivo. Coa implantación do plan en practicamente a metade dos portos de titularidade autonómica, 59 de 122, acadouse unha redución media do gasto nun 32,5%, que se traduciría en termos económicos netos nun aforro de 166.000 euros cada ano. Portos de Galicia ten previsto estender a medida a outras instalacións das tres provincias costeiras de xeito progresivo, en función das condicións técnicas de cada peirao.

Ademais do recorte no gasto, esta medida é un novo factor cualitativo de cara á solicitude da certificación europea de calidade e sustentabilidade ambiental EMAS que Portos de Galicia está a tramitar para a os peiraos da costa cantábrica e que pretende estender ao conxunto do litoral galego. O plan de aforro permite reducir o gasto económico, rebaixando tamén o impacto ambiental da actividade portuaria, ao tempo que garante a plena operatividade das instalacións.